



VII SEMINARIO SOBRE A MEMORIA
“As Misións Pedagóxicas, a depuración no maxisterio
e as mulleres antifranquistas represaliadas”
Rianxo – Boiro – Gres (Ponte Ledesma)
20, 21 e 22 de maio de 2016

CONFERENCIA
“AS MULLERES REPRESALIADAS: O MAXISTERIO”

Montse Fajardo Pérez

Escritora e investigadora sobre a represión das mulleres antifranquistas

Xosé Álvarez Castro

Mestre, profesor de Xeografía e Historia e investigador sobre a represión

Para enmarcar a represión de mestres e mestras é imprescindible analizar, aínda que sexa de xeito xeral, os fundamentos da represión golpista en xeral e das mulleres en particular, pois o coñecemento das liñas básicas da actuación represora é clave para entender a levada a cabo no ensino, e a das mulleres achega unha serie de particularidades que tamén teñen expresión na das mestras.

A charla estará estruturada en catro apartados:

a) As liñas xerais da represión tras o golpe de estado dende a óptica da superación do marco imposto polos vencedores (aínda vixente en sectores significativos da sociedade actual) e contemplala como un plan premeditado de eliminación física ou social, dos sectores afíns aos ideais republicanos; o grupo a eliminar, “los rojos”, será perseguido non tanto pola súa actuación persoal senón polo que representaban como portadores de ideas opostas ao modelo tradicional a implantar. A utilización do símil terapéutico como táctica xustificativa mediante a propaganda.

b) A represión sobre as mulleres, con prácticas específicas ligadas ás mesmas como poden ser o rapado, a violencia sexual, etc. Analizar a represión “individualizada”, exercida sobre mulleres cun determinado compromiso social ou político, relacións con desafectos... e represión “global”, resultado dunha regresión nos dereitos da muller e que afectaría a todas as mulleres, de xeito independente da súa condición ideolóxica.

c) A represión sobre as mestras. Dentro da represión ideolóxica, o ensino foi un sector diana ao que se lle atribuíu unha identificación cos ideais republicanos e, con precedentes en outubro de 1934, un papel fundamental na difusión da que os golpistas consideraban conciencia revolucionaria como “envenenadores del alma popular”. Ademais da represión cruenta sobre mestras, con algún exemplo dos diversos tipos, trataremos o mecanismo seguido na depuración dos docentes: procedementos, entidades depuradoras (comisións de depuración), lexislación aplicada, tipoloxía das sancións, etc. Os informes sobre actuación político-social e profesional. Consecuencias da depuración, tanto no aspecto estritamente punitivo como as de carácter preventivo e como garante da adhesión ao réxime a través de recompensas para os sectores adeptos. Trataranse algúns casos que poidan resultar indicativos do comentado. As cerimonia de reposición dos crucifixos nas escolas como plasmación simbólica da volta aos valores tradicionais, especialmente aos de carácter relixioso.

d) Historias de vida de mestras galegas represaliadas. Exemplificarase a represión sufrida por estas mulleres na súa dobre condición: mulleres e mestras, a través das súas biografías.



VII SEMINARIO SOBRE A MEMORIA

“As Misións Pedagóxicas, a depuración no maxisterio e as mulleres antifranquistas represaliadas”

Rianxo – Boiro – Gres (Ponte Ledesma)

20, 21 e 22 de maio de 2016

XOSÉ ÁLVAREZ CASTRO (Pontevedra, 1953) é mestre, licenciado en Xeografía e Historia e máster en Educación Ambiental pola UNED; impartiu clases de Historia no IES Sanxenxo. Participa no asociacionismo cultural (*Cedofeita*), de recuperación da memoria histórica (*Sempre con Vós. Cidadanía pola Verdade*) e renovación pedagóxica (*Nova Escola Galega*). É autor de numerosos artigos sobre historia, medio ambiente e didáctica en revistas como *CEDOFEITA*, *REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN*, *CUADERNOS DE PEDAGOGÍA*, entre outras. Participou como relator en diversos congresos. En 2011 recibiu o *VI Premio Día da Galiza Mártir á recuperación da memoria histórica* (Fundación Alexandre Bóveda). Autor do blogue *Pontevedra nos anos do medo*, dedicado á difusión da historia da represión na comarca pontevedresa. Colabora activamente no programa *A memoria das mulleres*, promovido pola Concellería de Patrimonio Histórico do Concello de Pontevedra, e seu é o artigo “Sobrevivintes, a represión sobre as mulleres na comarca de Pontevedra”, recollido no libro *Do gris ao violeta. Achega á historia das mulleres pontevedresas*, que se publicou ao abeiro do programa.

MONTSE FAJARDO PÉREZ (Vilagarcía, 1973) é licenciada en Ciencias Políticas e da Administración e ten un máster en Dereito das Administracións Públicas, pero a súa traxectoria profesional estivo vinculada fundamentalmente ao xornalismo, traballando durante unha década no *Faro de Vigo*. Na actualidade forma parte do equipo redactor do programa *A memoria das mulleres*, promovido pola Concellería de Patrimonio Histórico do Concello de Pontevedra. No seu marco participou no libro *Do gris ao violeta. Achega á historia das mulleres pontevedresas*, cun texto, “As que quedaron”, no que analiza a repercusión da represión sobre as familias afectadas. Como autora en solitario escribiu dous libros tamén centrados na memoria oral. *Matriarcas, mulleres en pé de vida* recolle dez biografías de mulleres galegas, nomeadamente da posguerra. E *Un cesto de mazás, memoria das vítimas do 36 e do tempo que veu* recolle dezaseis historias de familias que sufriron a represión tras o golpe de estado fascista, contado polas persoas que a sufriron ou por xente moi próxima a elas.